



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 3 do mes en curso, o vindeiro **día luns 22 de novembro**, en horario de, 9:30 a 10:30, de 12:30 a 13:30h e de 16:30 a 17:30 **horas** celebrarase na **entrada de dirección** deste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- a) O voto será directo, secreto e non delegable.
- b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que habrá cantidade suficiente no local da votación.
- c) Nas referidas papeletas figurará o nome do único candidato que presentou candidatura, cada elector deberá marcar cunha no **nome³** da candidata ou candidato, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

Noia, a 17 de novembro de 2021
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: Francisco José Lires Fernández

